



Prácticas de Pneumática coa aplicación FluidSIM

1. Cilindro de dobre efecto con avance por pulsador e retroceso por panca
2. Cilindro de dobre efecto con avance pulsando calquera de dous pulsadores e retroceso por pulsador
3. Cilindro de dobre efecto con avance pulsando dous pulsadores simultaneamente e retroceso dende calquera de dous botóns
4. Cilindro de dobre efecto con avance por pulsador e retroceso por fin de carreira
5. Cilindro de dobre efecto con avance por panca e retroceso automático lento
6. Deseña un circuíto pneumático que permita a apertura dunha porta dende calquera dos dous pulsadores de apertura. O retroceso debe ser automático
7. Deseña un circuíto pneumático que permita elevar unha plataforma accionando simultaneamente un pulsador e unha panca. O retroceso debe ser automático e o circuíto incluírá un pulsador para facer retroceder o pistón do cilindro independentemente da posición na que se atope
8. Deseña un circuíto pneumático que permita situar caixas nunha cinta transportadora:
 - Un cilindro sube elevando a plataforma na que un operario depositou a caixa.
 - Cando o primeiro cilindro alcanza a súa posición final, un segundo cilindro avanza para desprazar a caixa ate a cinta transportadora e chegado a este punto, retrocede automaticamente.
 - Cando o segundo cilindro alcanza a súa posición inicial, o primeiro cilindro retrocede ate a súa posición inicial automaticamente.
 - Todo o sistema debe accionarse cun único pulsador
9. Deseña un circuíto pneumático que permita acuñar moedas:
 - Un cilindro baixa ate acuñar a moeda, a continuación sube.
 - Cando o primeiro cilindro alcanza a súa posición inicial, un segundo cilindro avanza para desprazar a moeda ate unha determinada posición e chegado a este punto, retrocede.
 - Todo o sistema debe accionarse cun único pulsador.